



## Concello de Cangas

### CENTROS EDUCATIVOS

#### Colexios de Educación Infantil de Cimadevila

**Enderezo:** Cimadevila s/n. Darbo

**Teléfono:** 986302280

**Niveis educativos que imparte:** Infantil de 3,4 e 5 anos.

Centro con capacidade para 40 alumnos/as

Ten nestes momentos unha profesora para 11 alumnos/as

Aula de información e clase de relixión

**Horario:** De 9:00 a 14:00 horas.

**Instalacións:** Dúas aulas espaciaosas con patio amplo (unha parte cuberta onde hai un areal para xogar e outra parte exterior con un parque infantil), unha oficina e tres baños.

**Actividades:** Os pais/nais e profesorado fan actividades lúdicas no Magosto, Nadal, e Entroido.

A fin de curso faise unha saída didáctica na que participan tamén os pais e nais.

**Actividades extraescolares:** Un día á semana polo serán.

#### C.E.I.P. Espiñeira Aldán

**ENDEREZO:** Baixada a Areacoba nº4

**Teléfono e fax:** 986329509

**Correo electrónico:** ceip.espinheira.aldan@edu.xunta.es

**Horario escolar:** De 9:30 a 14:30 horas

**Niveis educativos que imparte:** Educación infantil dende os tres anos e Educación Primaria

Número de alumnos/as: 100

Número de profesores/as: 12

Superficie: 15.000 metros cadrados

**Instalacións:**

- Interiores: 12 aulas, bibliotecas de centro, aula de música e idiomas, sala de audiovisuais, aula de informática con conexión a internet, aula de apoio e aula plástica.

- Exteriores: Amplos campos de deportes, pavillón, pistas polideportivas e parque infantil.

**Recursos humanos:**

- Departamentos/equipos: Equipo de normalización lingüística, Equipo de actividades complementarias e extraescolares. Equipos de ciclo. Equipo de actividades complementarias e extraescolares. Equipos de ciclo, Equipo de coordinación pedagóxica.

- Inglés, música e informática desde educación infantil

- Profesoras de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe.

**Servicios complementarios:** Transporte escolar de balde.

**Actividades en horario escolar:**

- Revista escolar

- Concurso escolar de investigación relacionado cos contidos transversais

- Participación en concursos organizados polos diferentes organismos.

- Participación en programas educativos medioambientais

- Realización de programas de activación da intelixencia.

**Actividades extraescolares:**

Patinaxe, manualidades, teatro e actividades formativas para os pais do alumno.



## Concello de Cangas

### C.E.I.P. "San Roque de Darbo"

**Enderezo:** San Roque – Darbo

**Teléfono:** 986301453

**Fax:** 986303603

**Correo electrónico:** ceip.sanroque.darbo@edu.xunta.es

**Horario escolar:** Xornada continua. De 9:25 a 14:25 horas.

**Niveis educativos que imparte:** Educación infantil (3,4,5 anos) e Primaria.

Número de alumnos/as: 225

#### **Recursos humanos:**

- Departamentos/equipos: equipo de normalización lingüística, equipo de actividades complementarias, equipos de ciclo, equipo de coordinación pedagóxica, departamento de orientación, seminarios de formación continua do profesorado.

- Inglés e informática desde educación infantil.

- Profesorado de educación especial.

**Superficie:** Ten 6380 metros cadrados, dos que 3850 metros están edificadas e 2350 metros ocupados por camiños, xardíns e instalacións deportivas exteriores.

#### **Instalacións:**

- Interiores. Aula de informática, música, idiomas, psicomotricidade, laboratorio, bibliotecas, ximnasio, sala de usos múltiples, aula de audiovisuais, comedor.

- Exteriores: dúas pistas polideportivas, unha cuberta e outra sen cubrir, aptas para balonmán, futbito...

**Servicio complementarios:** Transporte e comedor.

**Actividades extraescolares:** teatro, danza, ritmo, debuxo e pintura, baile galego, futbito, xadrez, balonmán, tenis.

### C.E.I.P. "A Rúa"

**Enderezo:** A Rúa Coiro

**Teléfono/fax:** 986 303918

**E-mail:** ceiparua@edu.xunta.es

**Páxina web:** <http://centros.edu.xunta.es/ceiparua>

**Horario escolar:** 9:30 a 14:30 horas

Niveis educativos que imparte: Infantil (3,4,5 anos) e Primaria (6-12 anos). Aula de apoio.

**Superficie:** 5000 metros cadrados.

#### **Instalacións:**

- interiores: ascensor, ximnasio, aula de música e audiovisuais, aula de plástica, aula de informática e biblioteca.

- Exteriores: pista polideportiva, pista de baloncesto, parque de xogos e areeiro.

**Servicios complementarios:** Transporte escolar de balde.

**Actividades en horario escolar:** Obradoiros de manualidades, plástica, debuxo, xogos, tenis, cociña

**Actividades en horario extraescolar:** deportivas (fútbol, balonmán, patinaxe, tenis)

manualidades(modelado e pintura), guitarra, animación á lectura e dramatización, teatro, informática para distintos niveis de alumnado e pais e nais.

**Participación en proxectos educativos:** Seminario de normalización lingüística, seminario de formación en centro, seminario de "O corpo humano na Arte", proxecto educativo sobre "as culturas do mundo".

### C.E.I.P. de Hío

**ENDEREZO:** Igrexario – Hío

**Teléfono/fax:** 986329361

**E-mail:** ceip.hio@edu.xunta.es

**Horario:** De 9:05 a 14:05 horas

**Número de alumnos/as:** 145

**Número de profesores/as:** 15

**Niveis educativos que imparte:** Educación infantil e primaria en tres unidades de infantil e seis de primaria.

**Superficie:** Consta de amplas instalacións cunha superficie total de 15.000 metros cadrados, dos que o edificio ocupa 2261 e o ximnasio 200 metros cadrados.

#### **Instalacións:**

- Interiores: Laboratorio, aula de audiovisuais, aula de música, aula de idiomas, biblioteca, aula de plástica, aula de informática, acuario.

- Exteriores: Ximnasio, campo de balonmán, baloncesto, fútbol e parque infantil.

**Servicios complementarios:** Transporte de balde a tódolos lugares da parroquia.

**Actividades extraescolares:** Baile galego, baile moderno, balonmán, barro, tenis, gaita, mecanografía, pimpón, atletismo, teatro, coro, xadrez

Actividades para os pais e nais.

Proxecto Coastwatch sobre medioambiente

Proxecto de traballo "a poza: reprodución dun sistema húmido"



## Concello de Cangas

### C.E.I.P. Castrillón Coiro

**Enderezo:** Castrillón s/n. Educación infantil en A Retirosa – Coiro e educación primaria en Castrillón – Coiro.

**Teléfonos:** Castrillón: 986301273 – 986304299 A Retirosa: 986303594.

**Fax:** 986301273

**E – mail:** cpcoiro@arrakis.es

**Horario escolar:** Xornada lectiva en sesión única de mañá: 9: 15 – 14:15 horas.

**Actividades extraescolares:** 16:00 – 17:00 horas

**Niveis educativos e recursos humanos:** educación infantil dende os tres anos en A Retirosa. Educación primaria.

**Número de alumnos/as:** 300

**Número de profesores/as:** 26

**Departamento didáctico:** equipo de normalización lingüística, equipo de actividades complementarias, equipos de ciclos, equipos de coordinación pedagóxica, departamento de orientación.

Participación en programas educativos sobre saúde

Aula de Integración de alumnado con necesidades educativas especiais.

**Superficies:** 11000 metros cadrados.

**Instalacións:**

- Interiores: Aula de informática, aula de plástica, biblioteca de centro, laboratorio, aula de audiovisuais, aula de música, aula de idiomas e ascensor.

- Exteriores: pavillón cuberto de 1600 metros cadrados con pistas de fútbol, baloncesto e balonmán, campo de fútbol e patios.

Servicios complementarios: Transporte escolar a tódolos puntos da parroquia. Comedor escolar.

**Actividades extraescolares:** Fútbol sala, balonmán, atletismo, xadrez, informática, expresión corporal, obradoiro de coiro, mecanografía, manualidades, costura, modelado e barro, baile galego, gaita e percusión e biblioteca.

**Actividades en horario escolar:** Obradoiros de plástica, dramatización, literario, laboratorio, matemático e informática.

### C.E.I.P. Cangas

**Enderezo:** Rúa Real – Nazaret

**Teléfono e Fax:** 986 302793

**E-mail:** ceip.cangas@edu.xunta.es

**Horario escolar:** De 9:00 a 14:00 horas

**Actividades escolares:** De 16:00 a 18:00 horas.

**Niveles educativos:** educación infantil (3,4,5 anos) e Primaria.

**Superficie:** Ten 4.223 metros cadrados dos que 1850 metros están edificadas e 2375 metros ocupados por pistas polideportivas.

**Profesorado:** E. Física, inglés, música, pedagogía terapéutica, logopeda, relixión, E. Infantil e xeralistas.

**Instalacións:** Aula de informática con internet, biblioteca, aula de natureza, aula de audiovisuais, aula de idiomas, ximnasio, pista de balonmán e futbito, cancha de baloncesto.

**Actividades complementarias e extraescolares:** Campaña de fomento de lectura, campaña “Educamos xuntos” (pais-profesores), campaña “Achegamos aos rapaces ao mundo da arte” (pintura, música e cine), visitas culturais, lúdicas, medioambientais... Futbito, atletismo, obradoiro de lectura, balonmán, manualidades, informática, excursións...

### I.E.S. MONTECARRASCO

**Enderezo:** Montecarrasco, 2 Darbo. Apto. Correos 18536949 Cangas

**Teléfonos e fax:** 986304047 – 986304337

**Correo electrónico:** ies.montecarrasco.cangas@edu.xunta.es

**Páxina web:** <http://centros.edu.xunta.es/iesmontecarrasco>

**Horario escolar:** De luns a venres de 8:15 a 13:45 horas. Tarde dos luns: de 16:30 a 18:10 horas.

**Número de profesores/as:** 22

**Número de alumnos/as:** 200

**Niveis educativos que imparte:** Ensino secundario obrigatorio (E.S.O.)

Superficie: 7000 metros cadrados

**Equipamentos:**

- interiores: Aula de tecnoloxía, aula de educación plástica, aula de música, aula de informática (conexión a internet en tódolos equipos), laboratorio de ciencias naturais, biblioteca con conexión a internet, radio escolar, salón de actos con vídeo – proxección – dvd, aula de apoio ás necesidades educativas e profesionais, local de asociación de pais e nais do alumnado. Tódalas aulas equipadas con vídeo – tv, departamentos didácticos con equipamento informático e conexión a internet.

- Exteriores: Ximnasio, pistas polideportivas e campo de fútbol

**Servicios complementarios:** Transporte escolar de balde.

**Actividades extraescolares:** subvencionadas por ANPA



## Concello de Cangas

### INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA DE RODEIRA

**Enderezo:** Avda. de Ourense s/n Rodeira – Cangas.

**Teléfono – fax:** 986303933

**E-mail:** ies.Rodeira@xunta.es

**Páxina web:** www.iesrodeira.com

#### Horario de clases:

Réxime diúrno: Mañás de 8:30 a 14:10 horas. Tardes: ESO e Bacharelato luns de 16:00 a 18:00 horas

Réxime de adultos: Banda horaria comprendida entre as 16:00 e as 22:30 horas dependendo de cada tipo de estudos.

**Niveis educativos que imparte:** Ensinanza secundaria obrigatoria (ESO) 1ª e segundo ciclo

Bacharelato: Tecnolóxico, Ciencias da natureza e da saúde. Humanidades e ciencias sociais. Ciclos formativos de grado medio: Equipos electrónicos de consumo e Xestión administrativa.

Ciclos formativos de grado medio superior: Administración de sistemas informáticos, Administración e finanzas.

Educación permanente de adultos: Nivel I (alfabetización). Nivel II (Primaria), Nivel III (ESO). Ciclo formativo superior de administración de sistemas informáticos. Bacharelato, Graduado escolar (presencial e a distancia), taller de informática, taller de escritura, actividades de animación socioculturais.

Escola oficial de idiomas: 1º, 2º e 3º cursos.

Centro catalogado de tipo B (máis de 1000 alumnos (as))

Número de profesores/as: 80

Número de alumnos/as: 1109

Superficie: 8000 metros cadrados

#### Equipamentos:

- Interiores: cinco aulas de informática, dos talleres de electrónica, dos talleres de tecnoloxía, laboratorio de física, química, bioloxía e xeoloxía, aula de música, aula de plástica, aula de audiovisuais, sala de usos múltiples, biblioteca e cafetería.

- Exteriores: pavillón, pistas polideportivas, xardíns e aparcamento.

- Servicios complementarios: Transporte e cafetería.

Actividades:

Saídas a museos, empresas, exposicións, etc...

Organización de conferencias, charlas – coloquio, libro – foro, exposicións, etc..

Organización de ligas de fútbol entre o alumnado, xornadas de xogos populares, carnaval, magosto, etc...

Organización de concurso literarios, matemáticos, gráficos, etc...

Balónmán, fútbol-sala, tenis de mesa, bádminton, xadrez, coiro, etc.. en colaboración con ANPA

Pintura, mecanografía, teatro, fotografía, vídeo, bailes de salón, palillos, tapicería, cestería, arte floral,

punto de cruz, confección, etc... en colaboración coa asociación cultural "A Ceba"

Grupo de teatro IES de Rodeira (2º premio de concurso de Panxoliñas de Galicia e norte de Portugal)

Participación en programas educativos dentro do programa europeo Sócrates.

Intercambio de profesorado de francés e inglés con centros de Francia e Inglaterra.

Participación no "Canguro matemático" (2º premio de Galicia) e no rally matemático...

### INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA "MARÍA SOLIÑO

**ENDEREZO:** Montecarrasco 3 San Pedro Darbo – Cangas

**Teléfono:** 986301118 – 986300803 – 600415442

**Fax:** 986301082

**E – mail:** ies.Mariasolino@xunta.es

#### Niveis educativos que imparte:

Educación secundaria obrigatoria (ESO) 1º e 2º ciclo

**Bacharelato:** Ciencias da natureza e saúde. Humanidades e ciencias sociais. Artes. Ciclo formativo de grado superior: Animación de actividades físicas e deportivas.

**Número de profesores/as:** 55

**Número de alumnos/as:** 420

**Superficie:** máis de 10000 metros cadrados edificadas (7286 metros cadrados)

#### Equipamentos:

- interiores: Aula de arte, de información, aula de tecnoloxía, aula de música, aula de debuxo, aula de audiovisuais, biblioteca, laboratorio de física, laboratorio de química, laboratorio de ciencias naturais, salón de actos-auditorio.

- Exteriores: Pavillón polideportivo, ximnasio, campos de deportes, patios cubertos e xardíns.

- Servicios complementarios: Conexións a internet, transporte e cafetería

- Actividades extraescolares: Viaxes de estudos, voleibol, fútbol, balónmán, atletismo, cicloturismo, cerámica, coiro, música, danza, fotografía, patinaxe, teatro, radio, revista. Posibilidade de intercambio de alumnos/as con centros escolares de Romanía, Italia e Alemaña.

- Algunhas actividades nos dous últimos anos:

- Certame anual de poesía "María Soliño" para tódolos centros de Galicia.

- Organización polo alumnado do ciclo de formación de competicións sobre deporte (ciclismo, ximnasia...)

- Proxecto de formación de profesorado

- Participación na Mostra de teatro escolar do Morrazo



## Concello de Cangas

- Elaboración do proxecto curricular do centro (P.C.C.)
- Escola oficial de idiomas.
- Proxecto Comenius: Profesora italiana axudante de lingua.

### ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA "MESTRE INOCENTES CAMAÑO"

**Dirección:** Avda. de Lugo, 27

**Teléfono:** 986304158

Esta escola foi creada polo Concello de Cangas no ano 1987, inscribindose no Rexistro de Escolas de Música e Danza da Xunta de Galicia no ano 1995, como vía de preparación e potenciación da cultura musical, respondendo á demanda das distintas agrupacións tanto instrumentais como vocais existentes na vila.

#### **Obxectivos básicos do centro:**

- A ampla e diversificada oferta de educación musical, para o cal los/las alumnos/as distribúense en diferentes niveis por idades, comezando a partir dos catro anos
- Ofrecer unha ensinanza instrumental orientada tanto á práctica individual como de conxunto.
- Proporcionar unha ensinanza musical complementaria a práctica instrumental.
- Fomentar nos alumnos o interese pola participación en concertos públicos organizados polo centro, e pola incorporación a distintos tipos de agrupacións musicais cón fin de enriquecer a súa aprendizaxe.
- Ofrecerlles orientación e facilitarles unha preparación axeitada a aqueles alumnos que queiran acceder a unha formación profesional

Ensinanzas que imparte:

- Linguaxe musical, ventomadeira (oboe, clarinete, saxofón), ventometal (trompeta, trompa, trombón, tuba, bombardino, fliscorno), guitarra, piano, percusión, harmonía, coro, música e movemento (de 4 a 7 anos), corda (violín, viola, violonchelo, contrabaixo), Big-band.

**Número de alumnado:** 184 alumnos/as distribuídos en 275 matrículas.

Actividades organizadas polo centro

- Proxección de audiovisuais
- Audicións comentadas sobre os distintos tipos de música
- Cursos de perfeccionamento instrumental.
- Actuacións musicais a cargo de grupos do máis variados estilos (música de cámara, jazz, etc...)

Distintos tipos de concertos por conta do alumnado do centro ou en colaboración con outros centros, ben actuando con carácter solístico ou de conxunto. Destaca-las "Audicións" para familiares e amigos por áreas instrumentais, ou o "Concerto de Nadal" e o concerto de fin de curso

### CONSERVATORIO DE MÚSICA PROFESIONAL DO MORRAZO

**Dirección:** Avda. de Lugo, 27

**Teléfono:** 986 30 4158

Este conservatorio nace no ano 1982 como filial do Conservatorio Profesional de Vigo. No ano 1996 sepárase do actual conservatorio Superior de Vigo, creándose o conservatorio profesional de Música de Cangas, de titularidade municipal.

Neste centro impártense os grados elemental (formado por catro cursos) e medio (integrado por tres ciclos de dous cursos cada un) Tras pasar por varios emplazamentos ó longo da súa existencia, nestes momentos sitúase na Avda. de Lugo, dentro do moderno edificio do Auditorio Municipal.

Con este centro inténtase dar unha saída a tódolos niños da comarca que desexan recibir unha formación musical de forma oficial. No curso 02/03 rexistrouse unha matrícula de 145 alumnos/as

#### **Obxectivos:**

- Ofertar unha ensinanza musical o mais variada posible, a tódolos nenos da comarca que desexen unha formación profesional no eido da música, sen ter que desprazarse fora do municipio.
- Dar oportunidade dunha práctica instrumental, tanto individual como de conxunto, potenciando a aparición de pequenas agrupacións de cámara e orquestra.

#### **Materias impartidas no centro:**

- Linguaxe musical, música activa, coro, Audicións comentadas, Harmonía, Música de Cámara, piano complementario, orquestra, estética, historia da música, acompañamento, análise e orquestra de corda.

#### **Instrumentos que se poden cursar no centro:**

- Piano, Guitarra, clarinete, saxofón, trompeta, trompa, trombón, tuba, oboe, percusión, violín, violonchelo y contrabaixo.

Durante o curso desenvólvense as seguintes actividades:

- Concertos de alumnos/as e profesores/as
- Cursiños didácticos das diversas disciplinas
- Proxección de videos formativos
- Audicións musicais
- Concertos noutros centros
- Saídas a concertos programado.

\*\*\*\*As persoas interesadas en matricularse no centro deben facer unha prescrición na primeira quincena de xullo



## Concello de Cangas

### ESCOLA MUNICIPAL DE IDIOMAS

Desde o comezo desta andaina, a principios de 2005, a Escola Municipal de Idiomas pretende impartir un ensino de alta calidade, asequible a tód@l@s nos@s veciñ@s e avalada polas mellores institucións de ámbito internacional. A finalidade desta escola de idiomas é ter un obxectivo concreto para valorar de forma transparente e clara o progreso dos seus alumn@s, para o cal optamos, nunha primeira fase, pola preparación do alumnado de cara á superación dos exames da Universidade de Cambridge e do Ministerio Francés de Educación, no tocante ás linguas inglesa e francesa respectivamente. Nunha segunda fase poderanse ofertar alemán, italiano, portugués, e outras linguas de interese incipiente, coma o polaco e o chinés.

Esta Escola de Idiomas tamén ambiciona ser parte do proxecto para a creación dunha rede de escolas municipais de idiomas xunto coa Universidade de Cambridge, a fin de converte-la Escola Municipal de Idiomas de Cangas en centro examinador de pleno dereito. Isto posibilitará a xestión de matrículas de alumnos presentados a exame para a obtención dos títulos outorgados pola devandita Universidade.

O "University of Cambridge Local Examinations Syndicate" (UCLES) é un departamento da Universidade de Cambridge fundado en 1858. Na actualidade é un referente na avaliación docente, con escolas e colexios en máis de 150 países que ofrecen os exames de Cambridge en inglés como lingua estranxeira en centros examinadores por todo o mundo. O centro máis próximo atópase en Vigo.

No tocante ó francés, a Alianza Francesa de Vigo examina para a obtención de tres diplomas oficiais do Ministerio Francés de Educación, recoñecidos no mundo laboral: DELF (Diplome d'Etudes en Langue Francaise) 1º grao e 2º grao, así como DALF (Diplome Approfondi de Langue Francaise).

A Escola Municipal de Idiomas atópase no Edificio Xoia, situado na Rúa Andalucía, 3-baixo en Cangas do Morrazo.

Teléfono de información: 986 39 22 67